



**DATOS DA
CULTURA EN
SANTIAGO DE
COMPOSTELA
2019**

The background is a solid blue color. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons. These lines are scattered across the page, creating a dynamic and abstract composition.

Dirección: **Marcos Lorenzo**

Coa colaboración de: **Xaquín Loredo**

Maquetación e deseño gráfico: **Mauro Trastoy**

Concello de Santiago de Compostela, 2019



1
INDICADORES ECONÓMICOS

2
INDICADORES SECTORIAIS

3
INDICADORES DE PARTICIPACIÓN

4
INDICADORES DE PROGRAMACIÓN



1

INDICADORES ECONÓMICOS



1.1

AFILIACIÓN A SEGURIDADE SOCIAL



A vía máis utilizada para coñecer o emprego cultural dun territorio é recorrer aos datos de afiliación á Seguridade Social, seleccionando certas ramas de actividade dentro da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)¹. Segundo esa fonte, en decembro de 2018 habería en Santiago de Compostela 2.307 afiliacións culturais, o que representa un 6% das afiliacións totais do municipio² e un 18,7% das afiliacións culturais de Galicia.

Así, Santiago destaca como a cidade galega con maior emprego cultural en termos absolutos, como podemos apreciar no seguinte gráfico.

Afiliacións culturais á Seguridade Social nas cidades galegas




GRÁFICO 1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social

¹ Considéranse ramas culturais: 18 - Artes gráficas e reprodución de soportes gravados; 58 - Edición; 59 - Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; 60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión; 63 Servizos de información; 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos; 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

² Neste apartado presentamos o número de afiliados na rama cultural cotizantes en Santiago de Compostela, con independencia do lugar de residencia. No Informe Anual da Cultura 2018 constaba o número de afiliados na rama cultural residentes na cidade.

Na comparativa coas outras cidades galegas, Santiago presenta uns niveis de emprego cultural elevados en calquera das ramas CNAE que se consideren, se ben destaca especialmente polo seu peso en “actividades de programación e emisión de radio e televisión”, sen dúbida polo efecto da presenza da Compañía da Radio e Televisión de Galicia. De feito nesta rama de actividade o municipio conta con 1.022 afiliacións, mentres que ningunha outra cidade galega chega a acadar o centenar.

Afiliacións culturais á Seguridade Social en Santiago de Compostela por ramas de actividade cultural




GRÁFICO 2

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social

Se analizamos a evolución das afiliacións culturais en Santiago entre decembro de 2016 e decembro de 2018, observaremos unha caída do emprego no eido editorial, en consonancia co que sucede nas restantes cidades galegas, e un incremento significativo tanto nos “servizos de información” como nas “actividades de creación, artísticas e de espectáculos”.

Afiliacións á Seguridade Social en Santiago de Compostela

	2016	2017	2018
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	248	232	244
Edición	271	216	223
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	183	184	177
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.045	1.050	1.022
Servizos de información	205	219	240
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	271	293	313
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	84	86	88
TOTAL	2.307	2.280	2.307

TÁBOA 1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social

Outra información significativa á hora de analizar o comportamento do emprego cultural de Santiago é a do paro rexistrado. Para obter datos sobre esta materia, realizamos unha consulta directa á Consellería de Economía, Emprego e Industria, quen nos facilitou información do conxunto de “actividades artísticas, recreativas e de entretemento”, un ámbito que excede o noso obxecto de estudo (incorporando ademais actividades de ocio) pero que nos pode servir para identificar tendencias e explicar dinámicas recentes. Segundo esta fonte, en decembro de 2018 habería 296 persoas en paro na comarca de Santiago, da que 171 serían homes e 125 mulleres.

Paro rexistrado na comarca de Santiago en actividades artísticas, recreativas e de entretemento




GRÁFICO 3

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

Da lectura do gráfico pódense desprender varias conclusións. Por unha parte, houbo un incremento do paro desde o inicio da serie e até finais de 2014, no período máis intenso da crise económica, e a continuación un descenso paulatino en dente de serra, con mínimos estacionais no verán e máximos nos meses de inverno. Con todo, en decembro de 2018 aínda persistían niveis de paro superiores a xuño de 2009.

Outro elemento destacable é que o volume de paro feminino foi superior ao masculino até o segundo semestre de 2011, momento en que vira a tendencia. Desde entón as mulleres presentan taxas de paro neste ámbito claramente inferiores ás dos homes. Ademais, o debuxo da evolución do paro feminino é máis suave e con menores oscilacións que o do paro masculino, o que semella indicar que as mulleres se sitúan nos postos de traballo máis estables e menos suxeitos á temporalidade.

Por último, cabe engadir que o paro rexistrado no municipio de Santiago era de 175 persoas en decembro de 2018, un 59,1% do paro comarcal. Esa porcentaxe foi decrecendo desde xuño de 2009, cando supuña un 72,8%, do que se pode deducir que a evolución do paro foi máis favorable no Concello de Santiago que no conxunto da bisbarra.

The background features a vertical gradient from light green at the top to teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons, creating a dynamic and abstract pattern.

1.2

**EMPRESAS
CULTURAIS**

...

Segundo información achegada polo IGE¹, no ano 2017 habería en Santiago de Compostela 494 empresas culturais, o que representa un 4% das empresas totais do municipio e un 11,3% das empresas culturais de Galicia.

Dese xeito, Santiago ocupa o terceiro lugar entre as cidades galegas en canto a número de empresas culturais, só por detrás da Coruña e Vigo, pero cunha densidade moi superior (5,1 empresas culturais en Santiago cada 1.000 habitantes, por 2,4 en Coruña e 2,3 en Vigo).

Empresas culturais nas cidades galegas




GRÁFICO 1

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

¹ Consulta realizada en setembro de 2019, con datos que difiren levemente para a mesma anualidade dos presentados no Informe Anual da Cultura en Santiago 2018, sustentados noutra consulta realizada en decembro de 2018.

O perfil de actividades ás que se adscriben as empresas culturais con sede en Santiago quedan reflectidas na seguinte táboa. Como podemos observar, predominan as dedicadas a actividades de creación, artísticas e de espectáculos, seguidas a distancia das empresas de artes gráficas e reprodución de soportes gravados, e das empresas pertencentes ao eido da edición.

Número e tamaño medio das empresas culturais, por ramas de actividade

	Empresas	Afiliacións	Afiliacións / Empresa
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	89	244	2,7
Edición	70	223	3,2
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	56	177	3,1
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	11	1.022	92,9
Servizos de información	20	240	12
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	216	313	1,4
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	32	88	2,7

TÁBOA 1

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Cruzando o número de empresas segundo o tipo de actividade, co emprego xerado en cada un deses sete perfís, poderemos inferir o tamaño medio das entidades². O maior tamaño corresponde ás actividades de programación e emisión de radio e televisión, con 93 afiliacións á Seguridade Social por empresa, seguido dos servizos de información, con 12 afiliacións por empresa. As restantes categorías sitúanse arredor das tres afiliacións por empresa, coa excepción das actividades de creación, artísticas e de espectáculo, que dispoñen do menor tamaño, con 1,4 afiliacións por empresa.

² Os datos de afiliacións á Seguridade Social están actualizados a decembro de 2018, mentres que o número de empresas segundo tipo de actividade corresponden ao ano 2017. A actualización dos datos de empresas culturais non estarán dispoñibles até decembro de 2019.

Evolución do número de empresas culturais nas cidades galegas




GRÁFICO 2

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

No que atinxe á creación recente de empresas culturais, vemos como en Santiago se detecta un certo estancamento, mentres que outras cidades experimentan unha dinámica ascendente. Así, entre 2014 e 2017 medrou o número de empresas culturais en Galicia nun 11,6%, no conxunto das sete cidades galegas un 7,6%, e en Santiago tan só un 0,8%.

Por tipos de actividade, destaca o crecemento en Santiago do número de empresas dedicadas a servizos de información (33,3% máis entre 2014 e 2017) e das actividades de creación, artísticas e espectáculos (11,3% de medranza). Tamén entre as empresas de artes gráficas e reprodución de soportes gravados detéctase unha evolución positiva. Pola contra, descenden claramente o número de empresas do mundo da edición (12 menos en 2017 a respecto de 2014), das “actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical” (10 menos) e das actividades de programación e emisión de radio e televisión (5 menos).



1.3

**GASTO MUNICIPAL
EN CULTURA**



O Concello de Santiago de Compostela investiu en cultura en 2018 un importe de 10.190.529 €, o que supón un 10% do seu gasto liquidado total e unha media de 105,7 € por habitante.

Dese xeito, a cidade de Santiago comparte coa da Coruña o liderado en canto a investimento en cultura entre as cidades galegas, con máis de 100 € por habitante e ano, a considerable distancia de Pontevedra, que se sitúa nos 66 €. As restantes cidades galegas presentan cifras moi inferiores, entre os 28 e os 45 €.

Gasto municipal en cultura por habitante (€)




GRÁFICO 1

Fonte: MHAC - Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

Ampliando algo o zoom, podemos comparar o esforzo realizado en cultura polas cidades galegas a respecto dunha selección de cidades españolas. Cando falamos de “esforzo cultural” referímonos á porcentaxe do gasto liquidado que os consistorios destinan a cultura. No seguinte gráfico poderemos comprobar como Santiago e A Coruña tamén presentan os rexistros máis elevados (por riba do 10%), xunto con cidades como Donosti e Alcobendas.

Gasto municipal en cultura sobre o gasto liquidado total (%)




GRÁFICO 2

Fonte: MHAC - Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

En termos evolutivos, o gasto municipal en cultura por habitante presentou en Santiago unha tendencia alcista entre os anos 2003 e 2009, na véspera da celebración do Xacobeo 2010, e a continuación unha caída moi acusada até 2012, para a partir de aí estabilizarse con leves oscilacións arredor dos 100 € por habitante e ano.

Evolución do gasto municipal en cultura por habitante do Concello de Santiago (€)




GRÁFICO 3

Fonte: MHAC - Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

E a que se destina o gasto cultural, en que diferentes partidas se distribúe? Segundo a web do Concello de Santiago, e con datos consolidados para 2017, a partida que máis fondos recibe son as actividades dos Centros Socioculturais ou Cívicos, con case dous millóns e medio de euros, seguido da Banda de Música, dos Festexos e da Administración Xeral de Cultura.

Gasto liquidado en cultura do Concello de Santiago en 2017 (miles de €)



GRÁFICO 4

Fonte: Concello de Santiago

Unha das partidas máis relevantes para o fomento da participación cidadá en cultura é a que se ocupa do reparto de subvencións entre os axentes culturais do municipio para facilitar o desenvolvemento dos seus proxectos.

A grandes riscos hai dúas modalidades de subvencións en función do método de acceso, a saber, as subvencións en réxime de concorrencia competitiva, e as subvencións nominativas, aquelas que se formalizan mediante convenio con entidades cuxo labor merece unha particular valoración por parte dos responsables políticos e técnicos da administración.

Pois ben, a última convocatoria de subvencións competitivas da Concellaría de Acción Cultural, para o bienio 2018 - 2019 e dirixida ao tecido asociativo e a empresas e profesionais tivo un orzamento de 150.000 € que se distribuíu do seguinte modo.

Subvencións competitivas

	importe total	solicitantes	beneficiarias	2018	2019
Empresas e profesionais	100.000 €	39	14	70.312,0	29.688,0
Tecido asociativo	50.000 €	28	22	29.407,5	20.592,5
TOTAL	150.000 €	67	36	99.719,5	50.280,5

TÁBOA 1

Fonte: Concello de Santiago

A maiores, durante o ano 2018 tamén se convocaron outras dúas liñas de subvencións competitivas: unha para a realización de actividades dentro das festas patronais, cun orzamento de 24.000 € e 32 entidades beneficiarias, e outra co obxecto de financiar premios literarios dentro da Semana do Libro de Compostela (SELIC), cun orzamento de 6.000 € dos que finalmente se asignaron 4.000 € para os dous premios concedidos.

No relativo ás subvencións nominativas, en 2019 produciuse a mesma asignación de fondos e para as mesmas entidades que no exercicio anterior, por efecto da prórroga orzamentaria do Concello de Santiago. Así, foron repartidos un total de 237.600 € entre as seguintes entidades beneficiarias.

Subvencións nominativas (2019)

Fundación Granell	130.000 € ¹
Museo do Pobo Galego	30.000 €
Ateneo	20.000 €
Asociación Cultural Cidade Vella	20.000 €
Asociación Música Tradicional e Folque	20.000 €
Música en Compostela	5.000 €
Fundación Rosalía de Castro	4.000 €
Casa da Troya	3.600 €
Asociación Cultural Rocha Forte	3.000 €
Asociación Cultural O Galo	2.000 €

TÁBOA 2

Fonte: Concello de Santiago

O Concello de Santiago non só habilita recursos económicos para afrontar os custes do seu programa cultural ou para colaborar con outros axentes culturais, senón que tamén dispón dun cadro de persoal propio, composto por profesionais que executan tarefas artísticas, de xestión ou de dinamización cultural. En total suman 69 traballadores públicos, cifra que supón un 12,1% do total de funcionarios municipais.

Cadro de persoal municipal en cultura

	Homes	Mulleres
Departamento Municipal de Cultura	1	2
Banda Municipal de Música	26	3
Relacións Veciñais, Centros Cívicos e Xuventude	5	11
Auditorio de Galicia	11	10
TOTAL	43	26

TÁBOA 3

Fonte: Concello de Santiago

Como se pode observar, nas áreas municipais de cultura hai unha descompensación na presenza de traballadores homes (62,3%) a respecto das traballadoras mulleres (37,7%).

¹ Trátase dunha transferencia de crédito.



1.4

TURISMO CULTURAL

...

A información sobre este apartado é proporcionada polo CETUR, Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago, que elabora anualmente un informe sustentado nunha enquisa de ampla mostraxe a visitantes á cidade.

Seleccionando aquelas variables de natureza cultural confeccionamos o seguinte gráfico. En 2018, ao igual que nas anualidade anteriores, pódese advertir o escaso efecto atractor que os eventos culturais do municipio exercen sobre as visitas a Santiago. Menos dun 1% dos visitantes achégase á cidade coa motivación principal de asistir a un evento cultural.

Motivación e actividade cultural dos visitantes a Santiago




GRÁFICO 1

Fonte: INCOLSA - Turismo de Santiago. CETUR - Universidade de Santiago de Compostela

A respecto de 2017 apréciase unha notable caída na porcentaxe de visitantes que asistiron a algunha actividade cultural, pasando dun 14% a un 6,5%, e tamén un descenso significativo de oito puntos en canto ás visitas a centros culturais.

Con estes datos, pódese afirmar que o conxunto da oferta cultural do municipio, na que se inclúen as iniciativas neste eido da totalidade de axentes públicos, privados e sociais, ten unha importante marxe de mellora á hora de contribuír á estratexia turística local, tanto no que respecta á cantidade de visitas como á calidade da experiencia do visitante.

A satisfacción dos visitantes cos museos e coa oferta cultural é elevada (4,1 sobre 5) pero inferior á satisfacción percibida co global da cidade (4,4 sobre 5).

Satisfacción dos visitantes coa cidade e coa oferta cultural (de 0 a 5)




GRÁFICO 2

Fonte: INCOLSA - Turismo de Santiago. CETUR - Universidade de Santiago de Compostela

Precisamente cando se lles pregunta aos visitantes sobre aqueles elementos que máis valoran da súa estada en Santiago, destacan (por esta orde) a dimensión patrimonial, o Camiño e a gastronomía, e relegan a oferta cultural a un lugar secundario, cunha pequena mención á Cidade da Cultura de Galicia.

Principais atractivos de Santiago (%)




GRÁFICO 3

Fonte: INCOLSA - Turismo de Santiago. CETUR - Universidade de Santiago de Compostela

Semella pois que a cultura ten un camiño potencial que percorrer para complementar e diversificar os atractivos da cidade.



2

INDICADORES SECTORIAIS



2.1

LIBRO E EDITORIAIS

...

Para a elaboración deste apartado consultouse a base de datos do ISBN, con información actualizada a 28 de setembro de 2019.

Durante o ano 2018 publicáronse en Santiago de Compostela 507 libros en calquera soporte, dos cales 436 correspóndense con libros impresos en papel. Dese total de 507 libros, máis da metade foron editados en lingua galega, preto dun 40% en castelán, e os restantes noutras linguas.

Libros editados en Santiago, por lingua de publicación (%)




GRÁFICO 1

Fonte: Base de datos do ISBN. Ministerio de Cultura e Deporte

A respecto dos datos publicados no Informe Anual da Cultura en Santiago de Compostela 2018, correspondentes ao ano 2017, pódese detectar un forte incremento na porcentaxe de libros editados en castelán e un descenso proporcional nos libros editados en lingua galega.

Desde 2010, a edición de libros en Santiago pasou por diversas etapas: unha caída significativa entre os anos 2010 e 2013, unha importante recuperación entre 2013 e 2014, e un período de estabilización desde entón, na contorna dos 500 títulos.

Libros editados en diferentes soportes




GRÁFICO 2

Fonte: Base de datos do ISBN. Ministerio de Cultura e Deporte

Se nos fixamos agora na produción de libros impresos en papel, poderemos ponderar o peso editorial de Santiago a respecto de Galicia. Desde 2011, e con leves variacións interanuais, véñense publicando en Compostela aproximadamente unha quinta parte dos libros impresos en toda Galicia, mesmo superando esa proporción nas tres últimas anualidades.

Libros impresos en Santiago sobre o total de Galicia (%)




GRÁFICO 3

Fonte: Base de datos do ISBN. Ministerio de Cultura e Deporte

Por outra parte, das 487 editoriais que existen en Galicia, 84 (un 17,2%) localízanse en Santiago, sendo deste xeito a segunda cidade galega en número de editoriais, detrás da Coruña e por diante de Vigo. Entre eses tres municipios concentran máis da metade das editoriais galegas.

Editoriais e autoedicións nas cidades galegas




GRÁFICO 4

Fonte: Base de datos do ISBN. Base de datos de editoriais. Ministerio de Cultura e Deporte

Engadimos os datos das iniciativas de autoedición por canto son un indicador máis do dinamismo editorial dun territorio, alén dos circuítos máis convencionais ou consolidados. Pois ben, nesta dimensión tamén ocupa Santiago unha posición destacada, en práctica igualdade cos municipios de A Coruña e Pontevedra.

Outro factor que pode dar conta da vitalidade editorial é o número de editoriais creadas nos últimos anos. Entre 2011 e 2018 constituíronse en Galicia 151 editoriais novas, das que 24 tiñan sede en Santiago de Compostela (un 15,9%).

The background features a vertical gradient from light yellow at the top to dark teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that form a complex, abstract pattern of overlapping shapes and angles.

2.2

BIBLIOTECAS



O sistema bibliotecario de Santiago de Compostela está maioritariamente composto por dous grandes servizos: a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia¹ e a Biblioteca da Universidade de Santiago. Na seguinte táboa mostramos os seus datos principais para 2017.

Datos do sistema bibliotecario de Santiago

	Rede de Bibliotecas Públicas	Biblioteca Universitaria da USC
Puntos de servizo	6	18
Postos de consulta	654	4.904
Usuarios inscritos	51.197	49.048
Visitas	318.585	595.460
Préstamos a domicilio	175.850	292.750
Visitas á páxina web	158.862	572.509

TÁBOA 1

Fontes: Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela

Como podemos observar, a Biblioteca da USC multiplica por 3 os puntos de servizo da Rede, e por máis de 7 os postos de consulta. En canto ao número de usuarios inscritos as cifras son moi parellas, na contorna dos 50.000. Nas restantes variables a Biblioteca da USC amosa unha maior dimensión, co dobre aproximado no número de visitas e de préstamos a domicilio, e con máis do triplo de visitas á páxina web. En consecuencia, podemos deducir que a Biblioteca da USC ten un peso determinante na conformación do sistema bibliotecario compostelán.

Co obxecto de trazar agora unha comparativa entre as cidades galegas, recorreremos ás estatísticas facilitadas pola Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Debemos lembrar que non forman parte da Rede as bibliotecas universitarias nin a totalidade das bibliotecas locais².

Segundo os datos da Rede, a cidade que dispón de máis postos de consulta é A Coruña con 1.670, o dobre que en Vigo e 2,5 veces máis que en Santiago.

¹ Integrada en Santiago pola Biblioteca Pública Ánxel Casal, a Biblioteca Afundación Santiago de Compostela e a Biblioteca Pública Municipal José Saramago, coas súas catro extensións nos Centros Cívicos de Fontiñas, Vite, Santa Marta e Conxo.

² No caso de Santiago non se integran na Rede a Biblioteca Pública Monte do Gozo nin a Biblioteca de Galicia.

Usuarios inscritos nas bibliotecas públicas (% da poboación)




GRÁFICO 1

Fonte: Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (2017)

Preto dun 60% da poboación da Coruña está inscrita como usuaria das bibliotecas da Rede, por un 53% no caso de Santiago. As restantes cidades sitúanse por riba do 40%, coa excepción de Vigo, que non chega a acadar o 30%.

Pero quizás as variables que mellor describan a actividade bibliotecaria sexan os préstamos a domicilio e as visitas ás bibliotecas. Pois ben, a cidadanía da Coruña acudiu ás bibliotecas unha media de 5 veces ao ano en 2017, mentres que en Santiago esa media foi de 3,3. Nas demais cidades realizáronse dúas visitas ao ano, agás Lugo, onde superaron escasamente a visita por cidadán e ano.

Visitas a bibliotecas públicas e préstamos a domicilio por habitante e ano




GRÁFICO 2

Fonte: Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (2017)

En canto aos préstamos a domicilio, de novo é A Coruña a que presenta uns resultados máis elevados, con máis de 2 préstamos anuais por habitante, seguida de Lugo e Santiago, con 1,9 e 1,8 respectivamente. Neste caso son Vigo e Ourense as cidades con indicadores máis baixos.

Analizado o conxunto de variables, Santiago demostra posuír un robusto sistema de bibliotecas públicas na comparativa coas outras cidades galegas, con datos que a sitúan só por detrás da Coruña, que neste apartado exhibe un claro liderado.

The background features a vertical gradient from light green at the top to dark teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons, creating a complex, abstract pattern.

2.3

PATRIMONIO

...

En Santiago de Compostela localízanse 16 bens inmobles inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural, un 2,3% do total de BIC existentes en Galicia.

Bens rexistrados como BIC

	nº total	inmobles	mobles	inmateriais
Santiago de Compostela	16	16	0	0
Galicia	688	678	9	1

TÁBOA 1

Fonte: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia)

Non consta rexistrado ningún ben moble ou inmaterial en Santiago, nin tampouco están en marcha procesos de incoación para a incorporación de novos BIC no termo municipal, se ben na actualidade se está a incoar expediente a 9 bens mobles cunha íntima vinculación coa Catedral de Santiago, como son as seguintes esculturas do Mestre Mateo:

Escultura do Mestre Mateo da desaparecida fachada occidental da Catedral de Santiago: **Rei David**

Escultura do Mestre Mateo da desaparecida fachada occidental da Catedral de Santiago: **Rei Salomón**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Abraham ou Xeremías (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Isaac ou Ezequiel (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Enoc (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Elías (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Rei bíblico (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Profeta Malaquías (?)**

Escultura do Mestre Mateo da Catedral de Santiago: **Cabeza de estatua**

Dada a relevancia e o papel singular da Universidade de Santiago no ecosistema cultural de Compostela, deixamos a continuación indicados algúns datos a respecto das visitas ao seu patrimonio histórico - artístico.

Visitantes ao patrimonio histórico - artístico da USC




GRÁFICO 1

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela

A pesar de experimentar fortes oscilacións interanuais, pódese considerar que o número de visitas ao patrimonio da USC presenta un comportamento estable, cunha media anual levemente inferior ás 3.000 (2.860), e con máximos nos anos 2008 e 2009 arredor das 4.000 visitas, e mínimos en 2005, 2012 e 2015 arredor das 2.000.

Visitas ao patrimonio histórico - artístico da USC, por lingua da visita (%)




GRÁFICO 2

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela

Atendendo á lingua vehicular das visitas, vemos como se definen tendencias nítidas, como o descenso do uso do castelán, que ao principio da serie ocupaba unha posición hexemónica, e o ascenso do uso da lingua galega, que pasou de supor inicialmente un 10% das visitas ao 40% nos tempos máis recentes, así como o incremento do uso do inglés, que xa se aproxima ao 30%.

Visitas ao patrimonio histórico - artístico da USC, por tipo de visitante (%)




GRÁFICO 3

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela

Tamén o perfil dos visitantes foi mudando ao longo do período analizado, cunha menor presenza paulatina de visitas institucionais e procedentes de congresos, e un maior protagonismo das visitas de asociacións sen ánimo de lucro, centros de ensino, colectivos veciñais etc.



2.4 **MUSEOS**

Para analizar a afluencia de visitantes aos museos de Santiago, contamos cos datos proporcionados por dez das principais institucións museísticas da cidade.

Visitas a museos de Santiago de Compostela




GRÁFICO 1

Fonte: consulta directa a entidades

En termos agregados, as visitas a estes espazos continuaron a súa tendencia ascendente en 2018, se ben cun crecemento máis suave que o experimentado entre os anos 2016 e 2017. En conxunto os museos composteláns reciben anualmente preto de medio millón de visitas, o que supón unha media de 1.300 visitas diarias.

En canto á evolución individual de cada museo, cómpre salientar de novo o peso específico do Museo da Catedral de Santiago ao contar cun maior número de visitantes que os seguintes tres museos máis visitados, a pesar de experimentar un leve retroceso entre 2017 e 2018, en parte compensado polo aumento de visitas ao Museo da Colexiata do Sar.

Visitas aos museos de Santiago

	2016	2017	2018
Museo da Catedral de Santiago	183.956	215.003	195.318
Museo Centro Gaiás	44.272	57.403	72.969
Centro Galego de Arte Contemporánea¹	46.721	60.374	60.420
Museo do Pobo Galego	46.391	50.042	52.141
Museo das Peregrinacións e de Santiago	34.353	38.557	43.748
Museo de Historia Natural (USC)	18.000	18.000	19.722
Museo da Fundación Eugenio Granell	10.120	9.537	9.248
Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)	10.246	9.995	9.143
Museo da Colexiata do Sar	3.373	4.028	8.584
Museo Casa da Troia	1.812 ²	2.373 ³	2.879 ⁴

TÁBOA 1

Fonte: consulta directa a entidades

Tamén se pode destacar a consolidación da mellora nas visitas ao CGAC, e sobre todo a forte medranza do número de visitantes ao Museo Centro Gaiás, cun 65% de crecemento en só dous anos.

Máis modesto pero constante foi o incremento das visitas ao Museo do Pobo Galego e ao Museo das Peregrinacións e de Santiago. Entre 2016 e 2018 medraron un 12,4% e un 27,3% respectivamente.

¹ Nesta cifra inclúense os visitantes ás exposicións e os participantes nas actividades que programa o Centro ao longo do ano (obradoiros, ciclos, conferencias, cursos etc.).

² Aberto 58 días, de marzo a setembro.

³ Aberto 74 días, de abril a setembro.

⁴ Aberto 93 días, de marzo a outubro.

The background features a vertical gradient from light yellow at the top to dark teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons, creating a complex, abstract pattern.

2.5

ARTESANÍA

Segundo consta no Rexistro Xeral da Artesanía, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en Galicia hai 613 obradoiros de artesáns, dos que 39 (6,3%) están localizados en Santiago de Compostela. Se observamos a distribución por cidades, poderemos comprobar o peso notable do sector artesán no municipio compostelán. Entre as sete cidades galegas contarían con 184 obradoiros, un 30% dos totais de Galicia, do que se pode inferir que, a diferenza doutras industrias culturais, a artesanía non se concentra especialmente nas contorna urbanas.

Obradoiros de artesanía nas cidades galegas




GRÁFICO 1

Fonte: Rexistro Xeral de Artesanía (Consellería de Economía, Emprego e Industria)

Se atendemos agora á distribución por actividades dos obradoiros composteláns, veremos que predomina a xoiaría e a ourivería, seguidos a moita distancia da produción de instrumentos tradicionais populares galegos e da marroquinaría.

Obradoiros de artesanía de Santiago de Compostela, por tipo de actividade



GRÁFICO 2

Fonte: Rexistro Xeral de Artesanía (Consellería de Economía, Emprego e Industria)



2.6

RODAXES

As rodaxes audiovisuais presentan numerosas vantaxes para os territorios nas que se realizan. Ademais dunha fonte de recursos directos para a economía local, son un indicador do grao de desenvolvemento da oferta profesional da localidade, e ao tempo unha oportunidade para a proxección exterior e a promoción turística.

Entre 2002 e 2018 téñense realizado en Santiago 547 rodaxes de diversa tipoloxía¹, con equipos dun total de 33 nacionalidades distintas. A media anual do período analizado foi de 32 rodaxes e de 7 países implicados.




GRÁFICO 1

Fonte: Santiago de Compostela Film Commission

O pasado 2018 foi o ano da serie temporal en que máis nacionalidades (13) realizaron os seus proxectos audiovisuais na cidade, ademais de captar por vez primeira a equipos de cinco novos países (Noruega, Nova Zelandia, Polonia, Suíza e Taiwán).

¹ Longametraxes, curtametraxes, documentais, programas TV, spots publicitarios, vídeo clips, series TV, programas de radio, TV movies e reportaxes.

3

INDICADORES DE PARTICIPACIÓN



3.1

HÁBITOS CULTURAIS DA POBOACIÓN



Para a confección deste apartado empregamos dúas fontes achegadas polo Instituto Galego de Estatística. Por unha parte o módulo de ocio e hábitos culturais da Enquisa Estructural a Fogares de 2014, e por outra o módulo xeral da Enquisa Estructural a Fogares que se elabora anualmente e que nos provee de datos de 2017. No primeiro caso o nivel de desagregación territorial é da área xeográfica que comprende as comarcas de Barcala, Sar e Santiago, mentres que no segundo traballamos con datos da comarca de Santiago e do municipio.

A partir da enquisa de 2014 seleccionaremos a continuación algúns datos segmentados por xénero que nos permitirán coñecer as diferencias e similitudes nos hábitos culturais de mulleres e homes.

A respecto da pregunta “Frecuencia de uso dos servizos dunha biblioteca para consulta de obras, préstamo de libros... non relacionados coa súa profesión ou estudo”, un 14,2% de mulleres afirma frecuentar as bibliotecas semanal ou mensualmente, fronte a un 12,5% dos homes. Podemos considerar que non se trata dunha diferenza moi significativa, pero se nos preguntamos pola frecuencia na lectura de libros non profesionais veremos como a distancia entre xéneros se amplía.

Frecuencia de lectura de libros non relacionados coa profesión ou o estudo nos últimos 12 meses




GRÁFICO 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

Un 41,1% das mulleres afirma ler libros non profesionais como mínimo unha vez á semana, fronte a un 29,6% dos homes, máis de dez puntos de distancia.

Se analizamos agora a asistencia a actividades culturais, poderemos comprobar como as mulleres acoden con maior frecuencia en todos os casos contemplados.

Asistencia a actividades culturais (%)

		Home	Muller
Teatro, monicreques, contacontos	Mes	2	2,4
	Ano	33,2	32,9
Espectáculos musicais	Mes	4,6	5
	Ano	43,9	41,1
Museos, exposicións, arquivos	Mes	3,2	4,8
	Ano	40	40,4
Festas populares, verbenas, orquestras	Mes	6,1	6,8
	Ano	72,6	63,5
Cine	Semana	0,3	0,8
	Mes	10,6	9,5

TÁBOA 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de ocio e hábitos culturais (2014)

Destaca a asistencia mensual das mulleres a museos, exposicións e arquivos, a metade máis que os homes (4,8% vs. 3,2%), e a asistencia semanal ao cine, onde as mulleres case triplican aos seus homólogos masculinos (0,8% vs. 0,3%). A maior frecuencia na asistencia das mulleres a museos, exposicións e arquivos intensifícase na franxa de idades de entre 30 a 49 anos. Nese tramo, un 7,3% das mulleres manifestan asistir mensualmente, por un 3,5% dos varóns.

No extremo oposto, os homes sobresaen pola súa asistencia anual a festas populares, verbenas e concertos de orquestras de baile (72,6% dos homes por un 63,5% das mulleres), así como pola asistencia anual a espectáculos musicais (43,9% de homes e 41,1% de mulleres), e a asistencia mensual ao cine (10,6% fronte a 9,5%).

Xa con datos de 2017, no módulo xeral da Enquisa Estrutural a Fogares o IGE enunciaba a seguinte pregunta: “Participaba regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos...”. A pesar de exceder o ámbito da cultura, cremos que as respostas poden resultar significativas para apuntar tendencias. Así, un 51,4% dos habitantes da comarca de Santiago respondían afirmativamente, un 7,5% indicaban que non porque non o podían asumir (“non se podía permitir”), e un 41% que non mais sen especificar o motivo.

Entre as respostas positivas, encontramos a seguinte distribución etaria (persoas que si participaban en actividades de ocio, por rangos de idade).

Participaba regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos... (%)

De 15 a 19 anos	6,4
De 20 a 24 anos	9,0
De 25 a 29 anos	9,1
De 30 a 34 anos	9,0
De 35 a 39 anos	11,3
De 40 a 44 anos	12,1
De 45 a 49 anos	12,0
De 50 a 54 anos	6,0
De 55 a 59 anos	7,6
De 60 a 64 anos	7,4
De 65 a 69 anos	4,3
De 70 a 74 anos	3,7
De 75 ou máis anos	2,1
TOTAL	100,0

TÁBOA 2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo xeral (2017)

Como se pode comprobar, a participación en actividades de ocio e culturais concéntrase entre os 20 e os 49 anos (62,5% das persoas), e máis ao concreto no subgrupo dos 35 aos 49 anos. A partir dos 50 anos hai unha redución moi significativa de asistencia a actividades de ocio e culturais, con especial incidencia dos 65 anos en diante.

Participaba regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos... (%)

Educación primaria e inferior	1,7
Primeira etapa de educación secundaria e similar	20,9
Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	21,2
Educación superior	56,2
TOTAL	100,0

TÁBOA 3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo xeral (2017)

A maioría das persoas que afirmou ter participado en 2017 en actividades de ocio e culturais dispuña de estudos superiores, mentres que menos dun 2% posuía educación primaria e inferior.

Participaba regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos... (%)

	Concello	Comarca
Si	58,3	51,4
Non, porque non se podía permitir	5,5	7,5
Non, por outros motivos	36,2	41,0

TÁBOA 4

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo xeral (2017)

Outra das variables que presentan algunha correlación coa participación en actividades de ocio e culturais é o lugar de residencia, cun maior acceso dos habitantes do Concello a respecto dos habitantes da comarca.

The background features a vertical gradient from light green at the top to dark teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, overlapping geometric lines that form various polygons and shapes, creating a complex, abstract pattern.

3.2

**NOVAS
TECNOLOXÍAS**



Para a elaboración deste apartado utilizamos os datos proporcionados polo IGE a través do módulo de novas tecnoloxías¹ da Enquisa Estructural a Fogares. Trátase de información recompilada en 2018, co cal presenta a máxima actualidade.

Habitantes de Santiago que utilizaron internet nos últimos tres meses (%)




GRÁFICO 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

Entre os anos 2012 e 2018 houbo un incremento substancial de 16 puntos no uso de internet entre a cidadanía compostelá.

Ademais Santiago é a cidade galega con maior uso de internet, do ordenador e de dispositivos electrónicos, por diante da Coruña e de Pontevedra (por esta orde), como se indica na seguinte táboa.

Persoas que utilizaron as novas tecnoloxías nos últimos tres meses (%)

	Internet	Ordenador	Algún dispositivo
Concello de Ferrol	69,6	72	63,6
Concello da Coruña	81,3	83,3	73,7
Concello de Santiago de Compostela	82	85,1	78,1
Concello de Lugo	76,8	79,1	65,2
Concello de Ourense	74	77,6	67,2
Concello de Pontevedra	79,9	81,1	72,5
Concello de Vigo	78,6	80,8	69,2

TÁBOA 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

¹ Os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

No que respecta ao uso do teléfono móbil vemos diferencias significativas por xéneros. As mulleres utilizan máis o móbil para enviar mensaxes ou tirar fotos, mentres que os homes o usan en maior medida como servizo de GPS ou navegador. Se ben o uso maioritario en ambos casos é facer chamadas e conectarse a internet.

Usos habituais do teléfono mobil entre a cidadanía de Santiago (%)

	Varón	Muller
Usa teléfono móbil para conectarse a internet	85,1	85,5
Usa teléfono móbil para facer chamadas persoais ou de traballo	97,3	96,1
Usa teléfono móbil para enviar mensaxes persoais ou de traballo	77,4	84
Usa teléfono móbil para sacar fotos	74,5	79,5
Usa teléfono móbil para gravar vídeos	59,9	61,3
Usa teléfono móbil de GPS ou navegador	56,8	48,7
Usa teléfono móbil de alarma para recordar citas ou datas	57,9	57,2

TÁBOA 2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

Os servizos de internet para fins persoais máis empregados son, por esta orde, o intercambio de correos electrónicos, a busca de información sobre bens e servizos, a banca electrónica, o acceso á prensa dixital, a procura de información sobre viaxes e aloxamentos, escoitar música ou a radio, e ver a televisión ou vídeos en liña.

Servizos de internet que utilizou con fins persoais nos últimos tres meses a cidadanía de Santiago

	Varón	Muller	TOTAL
Recibir ou enviar correos electrónicos	82,3	81,8	82,1
Telefonar por internet/videoconferencia	27,8	29	28,4
Participar en foros, blogs, chats...	32,1	27	29,4
Crear e actualizar páxinas web ou blogs propios	12,8	7,6	10,1
Buscar información sobre bens e servizos do seu interese	73,5	72,9	73,2
Buscar información sobre viaxes, aloxamento...	53,5	53,2	53,3
Escoitar a radio/música ou ver a televisión ou vídeos en liña	55,4	51,1	53,1
Acceder á prensa dixital	59,2	61,1	60,2
Descargar xogos, música, películas, imaxes... (incluídos xogos en liña)	38,1	27	32,3
Descargar software (non xogos)	26,2	12,2	18,8
Usar espazo de almacenamento para gardar documentos, imaxes, música, vídeos...	51,8	46,9	49,2
Banca electrónica	64,5	63,6	64
Buscar emprego ou enviar unha solicitude de emprego	16,8	20	18,5
Vender ou alugar bens ou servizos	13,7	5,5	9,4
Realización de cursos en liña	19,4	18,9	19,1

TÁBOA 3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

En termos xerais, o comportamento non difire en exceso en función do xénero. Atopamos algunhas diferencias significativas de máis de 5 puntos na descarga de xogos, música, películas e imaxes, e na descarga de software, que realizan en maior medida os homes. Tamén os varóns dispoñen de máis páxinas web ou blogs e participan máis en foros e chats, así como na venta e aluguer de bens e servizos. Pola contra, as mulleres acceden máis á prensa dixital, realizan máis videoconferencias, telefonan por internet e buscan emprego.

A respecto dos datos recollidos polo IGE en 2013, vemos como medrou fortemente a escoita da radio ou ver a televisión a través de internet (dun 31,3% en 2013 a un 53,1% en 2018), e tamén se aprecia un pequeno incremento no acceso á prensa escrita dixital (do 56% ao 60,2%). En contrapartida semella ter caído a descarga de xogos, música, películas e imaxes (dun 44,1% a un 32,3%), así como a busca de información sobre bens e servizos (do 85,2% ao 73,2%).

No que respecta ás compras culturais por internet, detéctase unha pauta netamente diferenciada segundo o xénero.

Compras culturais que realizou por internet nos últimos 12 meses a cidadanía de Santiago (%)

	Varón	Muller	TOTAL
Películas, música	13,2	10,1	11,7
Libros, revistas, periódicos, material educativo...	25	31,1	27,9
Xogos de ordenador ou de	7	3,5	5,3
Equipamento electrónico (cámaras dixitais, lector de libros electrónicos,	27,2	15,5	21,5
Entradas para espectáculos (cine, museos, concertos...)	29,8	41,9	35,7

TÁBOA 4

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

As mulleres adquiren máis entradas para espectáculos e produtos editoriais como libros e revistas. Os homes destacan nas compras de equipamento electrónico, duplican ás mulleres na compra de xogos de ordenador e videoconsolas e tamén adquiren máis películas e música.

Se o analizamos por tramos de idade, veremos que os maiores consumos culturais a través de internet se concentran no subgrupo de 35 a 39 anos, seguido da década dos 40, dos 25 a 29 anos e dos 30 a 34 anos. No continxente de idades superiores aos 64 anos apenas se adquiren películas e música por internet, e en xeral os consumos culturais electrónicos semellan residuais.

Compras culturais a través de internet da cidadanía de Santiago, por tramos de idades (%)




GRÁFICO 2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de novas tecnoloxías (2018)

The background features a vertical gradient from light yellow at the top to dark teal at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons, creating a complex, abstract pattern.

3.3 **LINGUA**



Os datos deste apartado foron extraídos da Enquisa Estructural a Fogares do IGE, e máis ao concreto da actualización realizada en 2018 do módulo de coñecemento e uso do galego. Santiago de Compostela é, xunto con Lugo, a cidade en que máis se emprega habitualmente o galego (43,9%) e na que menos se usa exclusivamente o castelán (22,6%).

Lingua habitual nas cidades galegas (%)

	Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán
A Coruña	5,3	14,6	31,4	48,6
Santiago de Compostela	20,6	23,3	33,4	22,6
Ferrol	6,7	11	29,6	52,7
Lugo	21,3	23,3	28,9	26,4
Ourense	10,7	22,8	38,8	27,6
Pontevedra	8,4	14,6	35,9	41
Vigo	3,8	11,3	39,5	45,3

TÁBOA 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

A continuación de Lugo e Santiago, encontramos un uso máis habitual do galego en Ourense (33,5%), e xa a certa distancia, en Pontevedra (23%). Nos casos da Coruña, Ferrol e Vigo, esa porcentaxe sitúase por baixo do 20%.

En termos evolutivos, entre 2008 e 2018 diminuíu en Santiago o uso preferente do galego en case oito puntos, ao tempo que medrou o uso exclusivo do castelán en sete puntos, conformando así unha tendencia de substitución lingüística.

Lingua habitual dos habitantes de Santiago (%)

	2008	2013	2018
Galego	21,2	29,1	20,6
Máis galego	31	17,8	23,3
Máis castelán	32,2	31,9	33,4
Castelán	15,6	21,2	22,6

TÁBOA 2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

Segmentando os datos de 2018 por xénero poderemos realizar un contraste entre mulleres e homes no seu uso habitual da lingua. Así, podemos constatar como, sen haber grandes diferenzas, os varóns falan habitualmente o galego en maior proporción que as mulleres (46,4% vs. 40,7%).

Lingua habitual en Santiago, por xénero (%)




GRÁFICO 1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

Unha das posibles explicacións deste diferente uso lingüístico en función do xénero pode ter que ver coa etapa da socialización primaria. De feito, o contexto social no que os habitantes de Santiago aprenderon a lingua galega en maior medida foi a familia, seguida da escola e da relación con amigos e veciños.

Contextos sociais nos que aprenderon a falar galego os habitantes de Santiago (%)




GRÁFICO 2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

Pois ben, a lingua en que os pais e as nais se comunicaban coa súa descendencia difería se se trataban de fillos ou de fillas, como se pode observar no seguinte gráfico.

Lingua na que lle falaban os pais cando era neno/a, por xénero (%)




GRÁFICO 3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

As maiores diferenzas entre xéneros atopámolas no uso preferente do castelán para as mulleres (seis puntos máis que para os homes) e no uso exclusivo do galego para os homes (catro puntos máis que para as mulleres). Se analizamos agora a lingua empregada polos avós cos seus descendentes, poderemos constatar como o proceso de castelanización dos fogares foi avanzando co paso das xeracións.

Lingua na que lle falaban os avós cando era neno/a, por xénero (%)




GRÁFICO 4

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

De novo observamos un maior uso exclusivo do galego cando os avós se dirixían aos seus netos que cando o facían coas súas netas (catro puntos de diferenza) e un maior uso preferente do castelán cando se comunicaban coas súas netas (oito puntos máis que cos netos). Con todo, a comunicación exclusivamente en galego dos avós cos netos, homes e mulleres, era quince puntos superior á comunicación exclusivamente en galego dos pais cos seus fillos, co cal pódese confirmar ese retroceso tendencial no uso do galego entre as familias de Compostela.

Desde a perspectiva máis recente da última década tamén se corrobora ese proceso de substitución lingüística.




GRÁFICO 5

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

No gráfico 5 vemos como o galego pasou de ser a lingua inicial para case o 45% da poboación a un 35% dez anos despois, dez puntos menos, mentres que o castelán gañou cinco puntos nese período (do 31% ao 36%) e a aprendizaxe inicial de ambas linguas tamén se incrementou en cinco puntos (do 24% ao 29%).

No entanto, a pesar desta evolución negativa na transmisión e aprendizaxe da lingua, a capital de Galicia segue a ser a cidade na que os seus habitantes posúen unha maior competencia oral en galego.

Persoas que saber falar moito ou bastante en galego (%)

	2013	2018
Concello da Coruña	79,9	75,9
Concello de Santiago	89,4	89,3
Concello de Ferrol	67,1	71,6
Concello de Lugo	88,3	84,3
Concello de Ourense	86	81,8
Concello de Pontevedra	77	77,3
Concello de Vigo	72,7	79,5

TÁBOA 3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego (2018)

Como se pode deducir dos resultados da táboa, case un 90% da poboación de Santiago manifesta un dominio elevado da lingua falada, unha proporción que se mantén desde un lustro atrás. Noutras cidades como Ferrol ou Vigo semella ter medrado esa competencia entre 2013 e 2018, en Pontevedra permanece estable, e nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense diminúe.

Por último, só indicar que unha porcentaxe maioritaria da cidadanía de Santiago (máis dun 70%) desexaría dispor de máis contidos en galego nos medios de comunicación, sexa na televisión (73,9%), na radio (71,8%) ou na prensa (72,8%). Estas cifras supoñen un incremento de dez puntos a respecto da enquisa realizada en 2013, co cal semella que esa percepción se está a expandir.



3.4

**ASOCIACIONES
CULTURALS**

As asociacións culturais son un instrumento idóneo para encauzar a participación da cidadanía no feito cultural. No que atinxe aos datos das asociacións culturais do municipio, dispoñemos da información actualizada que publica a Xunta de Galicia a través do seu Rexistro de Asociacións^{1,2}. Logo dun labor de filtrado daquelas asociacións con finalidade estritamente cultural podemos elaborar os seguintes gráficos.

Comezamos por unha comparativa entre cidades.

Asociacións culturais nas cidades galegas




GRÁFICO 1

Fonte: Rexistro de Asociacións (Xunta de Galicia)

Como podemos observar, no municipio de Santiago localízanse 100 asociacións culturais, a escasa distancia da Coruña e Vigo, cidades que duplican ou triplican a poboación compostelá, e dobrando a cidades como Ourense, tamén con máis poboación que a capital de Galicia. Neste sentido, e en termos relativos, podemos concluír que Santiago dispón dun mesteo de asociacións culturais.

¹ Non é descartable que algunhas asociacións inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia non se teñan dado formalmente de baixa pero estean inactivas na actualidade.

² Ademais do Rexistro da Xunta de Galicia, existe un rexistro municipal con datos de 2016 que cifra en 113 as asociacións culturais de Santiago.

Asociacións culturais en Santiago, por tipoloxías




GRÁFICO 2

Fonte: Rexistro de Asociacións (Xunta de Galicia)

No que respecta á tipoloxía das asociacións culturais presentes en Santiago, predominan as musicais de forma moi destacada, seguidas polas asociacións dedicadas aos festexos, ocio e tempo libre, e a continuación polas asociacións que operan no ámbito do teatro e os espectáculos, xunto coas asociacións que traballan no eido das artes. Entre esas catro categorías agrúpanse máis do 90% das asociacións culturais locais. Resulta sorprendente o escaso número de asociacións dedicadas á historia (1) e á defensa do patrimonio (4), dado o carácter monumental dunha cidade que é Patrimonio da Humanidade.

The background features a vertical gradient from light green at the top to bright blue at the bottom. Overlaid on this are several thin, white, irregular geometric lines that intersect to form various shapes, including triangles and polygons, creating a complex, abstract pattern.

3.5

FORMACIÓN



A capital de Galicia dispón dunha mesta oferta formativa en áreas de coñecemento vinculadas á cultura e ás artes. Dentro deste amplo sector teñen cabida iniciativas públicas, privadas ou do terceiro sector, en diferentes modalidades e niveis educativos (ensinanzas informais, ensinanzas artísticas de réxime especial, ensino primario, secundario ou superior).

Neste apartado limitarémonos a reflectir datos de matriculación de ciclos formativos autorizados. Toda a información foi obtida mediante consulta directa aos centros de ensino.

Alumnado matriculado en graos de artes e humanidades nos campus de Santiago (2016-17)

Grao en Filoloxía Clásica	64
Grao en Lingua e Literatura Galegas	124
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	467
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	289
Grao en Lingua e Literatura Españolas	212
Grao en Filosofía	185
Grao en Historia da Arte	389
Grao en Historia	472
TOTAL	2.202

TÁBOA 1

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela

Durante o curso 2016-2017 a USC acolleu nos campus de Santiago a 2.202 alumnos e alumnas dentro das carreiras adscritas ás áreas de coñecemento das artes e as humanidades. Por número de matrículas, destacan os graos en Historia, Lingua e Literatura Inglesas, e Historia da Arte.

Alumnado matriculado en posgraos de artes e humanidades nos campus de Santiago (2016-17)

Máster Universitario en Historia Contemporánea	27
Máster Universitario en Historia Moderna: “Monarquía de España” Séculos XVI-XVIII	3
Máster Universitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia ¹	7
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	16
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos	23
Máster Universitario en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía	3
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	19
Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte	41
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	27
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	24
Máster Universitario Erasmus Mundus en Encrucilladas en Narrativas Culturais (Crossways in Cultural Narratives)	3
TOTAL	193

TÁBOA 2

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela

Tamén durante o curso académico 2016-2017 a USC ofertou once programas formativos en artes e humanidades na cidade de Santiago, nos que se matricularon algo menos de 200 estudantes.

¹ Impartido conxuntamente coa Universidade da Coruña, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad de La Laguna, Universidad de Salamanca e Universidad de Valladolid.

Alumnado matriculado na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DESEÑO			
	2017-18	2018-19	2019-20
Deseño de moda	105	121	187
Deseño de produto	72	75	98
TOTAL	177	196	282
ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO			
	2017-18	2018-19	2019-20
C.F.G.S. de xoiaría artística	30	41	42
C.F.G.S. de técnicas escultóricas	39	44	48
C.F.G.S. de fotografía	66	57	68
Taller de dourado, prateado e policromía	4	8	5
Monográficos (xemoloxía, dourado etc.)	23	17	0 ²
TOTAL	162	167	163
TOTAL E.A.S.D. Mestre Mateo	339	363	448

TÁBOA 3

Fonte: Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

No actual curso académico 2019-2020 apréciase un notable incremento na matrícula da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo a respecto dos dous cursos anteriores, debido ao aumento no número de alumnas e alumnos das ensinanzas artísticas superiores de deseño. Por contraste, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño permanecen estables desde o ano 2017.

Alumnado matriculado en artes gráficas no C.I.F.P. Compostela

		2017-18	2018-19
Artes gráficas (ciclo formativo básico)	Artes gráficas	24	25
Artes gráficas (ciclo formativo medio)	Impresión gráfica	22	26
	Preimpresión	35	34
	TOTAL	81	85

TÁBOA 4

Fonte: C.I.F.P. Compostela

² Matrícula aberta no momento de entrega dos datos.

No Centro Integrado de Formación Profesional Compostela impartíronse en 2018-19 dous ciclos de Artes Gráficas, con 25 alumnos no ciclo básico e 60 alumnos no grado medio.

Alumnado matriculado en video disc-jockey e son no I.E.S. Arcebispo Xelmírez I

		2017-18	2018-19
Grao medio de Vídeo Disc-Jockey e Son	Réxime Ordinario	42	54
	Réxime Adultos	32	26
	TOTAL	74	80

TÁBOA 5

Fonte: C.I.F.P. Compostela

Pola súa parte, no Instituto de Ensino Secundario Arcebispo Xelmírez I impartíuse o grao medio de Vídeo Disc-Jockey e Son, con 80 alumnos matriculados no curso 2018-19.

Alumnado matriculado no Conservatorio Superior de Música de Santiago

	2016-17	2017-18	2018-19
Canto	19	17	17
Clarinete	51	56	53
Contrabaixo	12	14	14
Fagot	15	14	10
Frauta traveseira	25	24	29
Guitarra	50	52	52
Óboe	23	22	22
Percusión	29	28	29
Piano	99	98	90
Saxofón	29	34	33
Trombón	12	15	15
Trompa	20	17	17
Trompeta	28	31	25
Tuba	16	15	13
Viola	23	22	18
Violín	57	63	43
Violoncello	28	29	56
TOTAL	536	551	536

TÁBOA 6

Fonte: Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela

A matrícula no Conservatorio Superior de Música moveuse en parámetros moi similares nos tres últimos cursos. Por instrumentos musicais, destaca o número de alumnas e alumnos matriculados en piano, violoncello, clarinete, guitarra e violín.

Alumnado de 8 ou máis anos matriculado na Escola Municipal de Música e Danza (2017-18)

	de 8 a 15 anos	de 16 en diante	TOTAL
Acordeón	5	9	14
Arpa	5	1	6
Baixo eléctrico	2	1	3
Bombardino		1	1
Cello	17	2	19
Clarinete	13	10	23
Contrabaixo	1		1
Frauta	15	2	17
Gaita	3	2	5
Guitarra clásica	13	4	17
Guitarra eléctrica	7	2	9
Percusión	17	1	18
Piano	33	7	40
Saxofón	10	4	14
Trombón	5		5
Trompa	3		3
Trompeta	10	2	12
Viola	1		1
Violín	26	6	32
1 ou 2 materias	1	6	7
TOTAL	187	60	247

TÁBOA 7

Fonte: Escola Municipal de Música e Danza

Alumnado menor de 8 anos matriculado na Escola Municipal de Música e Danza

PREPARATORIO	12
MeM I (4 anos)	21
MeM II (5 anos)	34
ILM 1 (6 anos)	40
ILM 2 (7 anos)	32
TOTAL	139

TÁBOA 8

Fonte: Escola Municipal de Música e Danza

No curso 2017-2018, a Escola Municipal de Música e Danza tiña a 386 alumnas e alumnos matriculados, dos que 139 eran menores de 8 anos e 247 eran de 8 ou máis anos. No grupo dos maiores, o instrumento musical máis estudado é o piano, seguido do violín e do clarinete.

Alumnado matriculado no Centro de Estudos Musicais

	2017-18	2018-19
Grao elemental (1º, 2º, 3º e 4º)	94	98
Grao profesional (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º)	56	45
TOTAL	150	143

TÁBOA 9

Fonte: Centro de Estudos Musicais (colexio Peleteiro)

Ademais do Conservatorio Superior de Música e a Escola Municipal de Música e Danza, tamén ten consideración oficial a formación impartida polo Centro de Estudos Musicais, pertencente ao colexio Peleteiro. Nos dous últimos cursos acolleron a aproximadamente 150 alumnas e alumnos.

Alumnado matriculado na Escola Oficial de Idiomas (2017-18)

	Básico 1	Básico 2 e integrado	Intermedio 1	Intermedio 2 e integrado	Avanzado 1	Avanzado 2 e integrado	C1 e Outros	TOTAL
Alemán	129	61	32	30	26	19	20	317
Español LE	10	6		6		6		28
Francés	132	70	52	39	40	42	43	418
Galego		28		12		25	137	202
Inglés	135	127	320	221	200	152	100	1.255
Italiano	60	35	24	24	26	21		190
Portugués		99		55		50	44	248
TOTAL	466	426	428	387	292	315	344	2.658

TÁBOA 10

Fonte: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Alumnado matriculado na Escola Oficial de Idiomas (2018-19)

	Básico A1	Básico A2 e A1-A2	Intermedio B1.1	Intermedio B1 e B1.2	Intermedio B2.1	Intermedio B2 e B2.2	Avanzado C1.1	Avanzado C1 e C1.2	Avanzado C2	Outros	TOTAL
Alemán	67	53	30	22		22	15	16			225
Español LE		28		10		5					43
Francés	98	56		66	46	48	33	46			393
Galego		23		11		11		33	48	175	301
Inglés	42	134		248	144	166	114	153	50	105	1.156
Italiano		78		28	18	16	24	30			194
Portugués		93		48		54		47			242
TOTAL	207	465	30	433	208	322	186	325	98	280	2.554

TÁBOA 11

Fonte: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

No que atinxe ao ensino de linguas, a Escola Oficial de Idiomas é o centro educativo con maior número de matrículas, superando as 2.500 nos últimos dous cursos. Do total de alumnos e alumnas, preto da metade cursan inglés, seguido a moita distancia do francés, o alemán, o galego e o portugués. Entre 2017-2018 e 2018-2019 detéctase un significativo descenso na aprendizaxe da lingua alemá e un incremento de alumnado de lingua galega.

Alumnado matriculado no Centro de Linguas Modernas e Centro de Recursos de Idiomas da USC

Idioma	Modalidade	2009- 10	2010- 11	2011- 12	2012- 13	2013- 14	2014- 15	2015- 16	2016- 17	2017- 18
Español	Cursos regulares	909	890	993	857	589	594	420	526	478
	Centro de Recursos de Idiomas	1		9						
Inglés	Cursos regulares	485	690	664	626	615	581	546	446	352
	Centro de Recursos de Idiomas	87		45						
Alemán	Cursos regulares	128	122	168	194	178	139	113	121	115
	Centro de Recursos de Idiomas	12								
Francés	Cursos regulares	113	123	144	143	132	138	161	230	218
	Centro de Recursos de Idiomas	5		19						
Outros idiomas	Cursos regulares	277	299	456	581	590	697	458	452	383
	Centro de Recursos de Idiomas	12		1						
Outros cursos	Preparación DELE	16	18		16	9	5	7	13	12
	Cursos intensivos de verán	150	152	265	293	247	229	148	146	131
TOTAL		2.195	2.294	2.764	2.710	2.360	2.383	1.853	1.934	1.689

TÁBOA 12

Fonte: Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela

A outra grande institución de Santiago dedicada ao ensino de idiomas é o Centro de Linguas Modernas da USC, cunha media na última década superior aos dous mil alumnos por ano. Desde o curso 2011-2012 pódese observar un notable descenso de alumnado, en particular no ensino de español e de inglés. Até entón, a evolución histórica das matrículas tiña sido netamente positiva, definindo unha liña ascendente desde o nacemento do Centro.

Evolución do nº de alumnas/os matriculados/as no Centro de Linguas Modernas da USC




GRÁFICO 1

Fonte: Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela



4

INDICADORES DE PROGRAMACIÓN

4.1

**RECURSOS
ECONÓMICOS DO
AUDITORIO DE
GALICIA**

En 2018 incrementouse o gasto total liquidado do Auditorio de Galicia a respecto do ano anterior, ao tempo que diminuíron os fondos destinados a actividades culturais e os ingresos por billeteira.

Gastos e ingresos do Auditorio de Galicia

	2017	%	2018	%
Gasto total liquidado	2.794.246,4 €		2.918.107,1 €	
Gasto en actividade cultural	1.479.893,5 €	52,9	1.373.901,3 €	47,1
Ingresos por billeteira	262.537,7 €	17,7 ¹	159.581,4 €	11,6 ²

TÁBOA 1

Fonte: Auditorio de Galicia

Esta evolución explícase principalmente por dous factores. Por unha parte, o investimento realizado en 2018 para o cambio de butacas na Sala Ángel Brage, e por outra, a regularización contable en 2017 do convenio coa Deputación da Coruña que lle permitiu ao Auditorio de Galicia contar para esa anualidade con 180.000 € extraordinarios para programación. A caída dos ingresos por venta de entradas garda relación co descenso da actividade escénica, ao se tratar da disciplina artística que logra unha mellor taxa de retorno, é dicir unha mellor proporción entre o gasto destinado e os ingresos por billeteira acadados.

Analícemos pois como se distribúen os gastos e os ingresos en actividades culturais do Auditorio de Galicia segundo as diferentes disciplinas artísticas³.

Comparativa económica entre disciplinas artísticas 2018




GRÁFICO 1

Fonte: Auditorio de Galicia

¹ Cociente resultado de dividir ingresos por billeteira a respecto do gasto en actividades culturais. Tamén denominado “taxa de retorno” ou “índice de eficiencia”.

² Ídem.

³ Para os seguintes cálculos seleccionamos e agrupamos aquelas actividades claramente identificables dentro dalgunha disciplina artística.

Tanto as actividades de artes visuais como do programa didáctico son gratuítas e non están sometidas a control de billeteira. Das restantes, as que presentan unha mellor relación entre ingresos e gastos son as actividades de artes escénicas, seguidas a moita distancia das actividades musicais. As actividades de artes escénicas son responsables do 37% dos ingresos por venta de entradas do Auditorio de Galicia e só do 12% do gasto cultural. Pola contra, as actividades de cinema absorben máis da metade do gasto cultural e recollen o 42% dos ingresos por billeteira.

No seguinte gráfico apréciase con maior nitidez.

Taxa de retorno por disciplinas artísticas (%)




GRÁFICO 2

Fonte: Auditorio de Galicia

As actividades de artes escénicas logran recuperar en billeteira uns 45 € por cada 100 € investidos, mentres que as actividades musicais e as cinematográficas conseguen retornar ás arcas municipais pouco máis de 10 €.

4.2

**PÚBLICOS NAS
ACTIVIDADES DO
AUDITORIO DE
GALICIA**



Na seguinte táboa constan os datos principais de asistencia ás actividades organizadas polo Auditorio de Galicia en 2018, con independencia dos espazos nos que se celebrasen.

Actividades organizadas polo Auditorio de Galicia en 2018

	Actividades	Públicos	% ocupación	Espectadores / actividade
Música	105	53.258	79	507,2
Artes Escénicas	67	13.650	45,4	203,7
Artes Visuais	7	10.971		1.567,3
Didáctica	64	22.418	79,9	350,3
Cinema	494	28.791		58,3
TOTAL	737	129.088		175,1

TÁBOA 1

Fonte: Auditorio de Galicia

Algo máis de 129.000 espectadores asistiron a un total de 737 actividades, do que resulta unha media de 175 espectadores por actividade, un *ratio* levemente superior ao rexistrado en 2017 (166,4 espectadores por actividade).

Ademais destas actividades organizadas directamente polo Auditorio de Galicia, tamén se promoveron outras actividades a cargo de terceiras entidades grazas á cesión de espazos nos edificios do Auditorio de Galicia e do Teatro Principal.

Actividades organizadas por terceiras entidades no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal en 2018

	Número cesións	Públicos	% ocupación	Espectadores / actividade
TOTAL	126	26.424	48,7	209,7

TÁBOA 2

Fonte: Auditorio de Galicia

Se analizamos agora o número de actividades organizadas polo Auditorio de Galicia e os públicos asistentes a esas actividades en función das disciplinas artísticas, poderemos compor o seguinte gráfico.

Comparativa de actividades e públicos por disciplinas artísticas 2018




GRÁFICO 1
Fonte: Auditorio de Galicia

Mentres que o 14 % das actividades organizadas polo Auditorio son musicais, a música chega o 41 % dos públicos. Tamén as actividades didácticas, visuais e de artes escénicas presentan unha asistencia de espectadores por actividade superior á media do Auditorio. Por contraste, no cinema observamos unha relación contraria nestes indicadores, ao supor o 67% do total de actividades organizadas polo Auditorio e só o 22% dos públicos.

Se combinamos agora os datos de asistencia de públicos cos recursos económicos destinados a cada disciplina artística, teremos outro interesante ángulo de análise.

Comparativa de actividades e públicos por disciplinas artísticas 2018




GRÁFICO 2

Fonte: Auditorio de Galicia

As actividades didácticas achegan o triplo de público a respecto do gasto que supoñen para o Auditorio de Galicia, e os concertos musicais case o dobre. No extremo oposto, o cinema absorbe máis da metade do gasto cultural do Auditorio e aporta menos dunha cuarta parte dos públicos.

Dividido o gasto en actividades culturais do Auditorio de Galicia en 2018 polo número total de espectadores, obtemos o dato do gasto medio por espectador, que se sitúa en 8,24 €. Se lle descontamos os ingresos en billeteira, entón o gasto medio neto por espectador sería de 7,05 €. Segmentado por disciplinas artísticas quedaría do seguinte xeito.

Gasto do Auditorio de Galicia por espectador (€)




GRÁFICO 3
 Fonte: Auditorio de Galicia

O maior gasto por espectador corresponde ás actividades cinematográficas, a gran distancia das restantes disciplinas artísticas. A continuación estarían as artes escénicas, se ben os seus elevados niveis de ingresos en billeteira permítenlle rebaixar o gasto neto de forma considerable. As actividades que menor custe por espectador supoñen para o Auditorio de Galicia son as didácticas¹.

¹ Tanto nas actividades didácticas como nas de artes visuais o gasto neto por espectador coincide co bruto ao ser gratuítas e non levar apareladas ingresos en billeteira. Por outra parte, no eido musical o Programa de Abono non xera ingresos pero tampouco custes para o Auditorio de Galicia xa que a xestión da Real Filharmonía de Galicia depende do Consorcio de Santiago.

E completamos este apartado coa mostra dos datos desagregados en función dos espazos nos que se realizaron as actividades, sexan as propias do Auditorio de Galicia ou as desenvolvidas por terceiras entidades. Comezamos pois coa táboa de datos das actividades culturais celebradas no edificio do Auditorio de Galicia.

Actividades propias do Auditorio de Galicia no seu edificio

	Actividades	Públicos	% ocupación	Espectadores/actividade
Música	39	26.414	72	677,3
Artes Escénicas	3	2.172	72,7	724
Cinema	4	1.033	58,3	258,2
Didáctica	36	16.810	78,8	466,9
Artes Visuais	7	10.971		1.567,3
TOTAL	89	57.400	74²	644

TÁBOA 3

Fonte: Auditorio de Galicia

Actividades organizadas por terceiras entidades no Auditorio de Galicia

	Actividades	Públicos	% ocupación	Espectadores/actividade
Cesións	33	12.804	67,8	388

TÁBOA 4

Fonte: Auditorio de Galicia

En 2018 programáronse un total de 122 actividades no edificio do Auditorio de Galicia, das que 89 foron promovidas polo propio Auditorio e 33 por parte de terceiras entidades en réxime de cesión. Entre ambas, asistiron un total de 70.204 espectadores, cun 72,5% de ocupación e 575 espectadores por actividade. As actividades organizadas polo Auditorio de Galicia logran unha proporción de espectadores por actividade moi superior ás impulsadas por terceiras entidades (644 vs. 388).

Das actividades organizadas polo Auditorio de Galicia, as que lograron atraer a máis público foron as musicais con 26.400 persoas, seguidas polas didácticas con 16.800 e das artes visuais con 11.000.

² Prescindindo das actividades de artes visuais, das que non temos estimación de aforo.

Actividades propias do Auditorio de Galicia no Teatro Principal

	Actividades	Públicos	% ocupación	Espectadores/actividade
Música	25	5.460	59	218,4
Artes Escénicas	57	8.518	40,5	149,4
Cinema	122	14.462	29,6 ³	118,5
Didáctica	28	5.608	83,4	200,3
TOTAL	232	34.048	39,7	146,7

TÁBOA 5
Fonte: Auditorio de Galicia

Actividades organizadas por terceiras entidades no Teatro Principal

	Actividades	Públicos	%	Espectadores/actividade
Cesións	9	13.620	38,5	146,4

TÁBOA 6
Fonte: Auditorio de Galicia

En 2018 organizáronse 325 actividades no Teatro Principal, das que 232 foron impulsadas polo Auditorio de Galicia e 93 por terceiras entidades ás que se lle cederon espazos. Entre ambos lograron convocar a 47.668 espectadores, cunha taxa de ocupación conxunta do 39,3% e unha media de 146 espectadores por actividade.

En termos agregados, a taxa de ocupación das actividades organizadas no Auditorio de Galicia duplica á taxa de ocupación das actividades organizadas no Teatro Principal.

Entre as actividades organizadas polo Auditorio de Galicia, a que proporciona máis público é o cinema con 14.400 persoas, seguido a distancia polas artes escénicas con 8.500.

Actividades propias do Auditorio de Galicia noutros espazos

	Actividades	Públicos	% ocupación	Espectadores/actividade
Música	41	21.384	99,3	521,5
Artes Escénicas	7	2.960	48,8	422,8
Cinema	368	13.296		36,1
TOTAL	416	37.640		90,5

TÁBOA 7
Fonte: Auditorio de Galicia

³ Partindo dunha estimación de 400 butacas para cada proxección de Cineuropa e Curtocircuíto.

En 2018 programáronse 416 actividades fóra dos edificios do Auditorio de Galicia e do Teatro Principal, máis da metade do total de actividades organizadas polo Auditorio nese ano. A maior afluencia de públicos (21.300 persoas) e nivel de ocupación (case 100%) corresponde aos concertos musicais. O cinema tamén achega unha audiencia numerosa (13.300 persoas), se ben o número de espectadores por actividade é comparativamente baixo.

En definitiva, e con independencia de quen fose a entidade promotora das actividades culturais (Auditorio de Galicia ou terceiros), o número de espectadores por espazos queda do seguinte xeito.

Públicos nos espazos municipais




GRÁFICO 4

Fonte: Auditorio de Galicia

4.3

**PRINCIPAIS
PROGRAMACIÓNS
CULTURAIS DO
AUDITORIO DE
GALICIA**

As principais programacións que ten impulsado ou nas que ten colaborado o Auditorio de Galicia durante 2018, en función do gasto asignado, son as seguintes.

Gasto liquidado por programación do Auditorio de Galicia (€)



GRÁFICO 1

Fonte: Auditorio de Galicia

Entre as novidades que atopamos a respecto da programación de 2017 destaca a colaboración do Auditorio de Galicia co Festival WOS e especialmente, pola súa dimensión económica, o comezo da execución do proxecto europeo Wom@arts, liderado polo Auditorio de Galicia e para o que se destinaron en 2018 máis de 90.000 €.

Outros cambios que se detectan na comparativa con 2017 son a redución no gasto liquidado dalgunhas programacións de música clásica e contemporánea como De lugares e órganos, Ciclo de Lied e Xornadas de música contemporánea, así como do festival de cine Curtocircuíto, da Programación de verán, e sobre todo da Programación regular de teatro. En contrapartida, éntrase a colaborar en ciclos como o mencionado Festival WOS ou o festival Escenas do Cambio, e medran as partidas destinadas ao Programa didáctico, ao Programa de abono, ás Xornadas de ilustración urbana, á Gala aRi(t)mar e ás actividades expositivas.

Como en 2017, as programacións singulares con maior asignación económica foron Cineuropa e Curtocircuíto. A continuación mostraremos en cadansúa táboa os datos máis relevantes das súas edicións de 2018.

Actividade en Cineuropa 2018

	Proxeccións	Públicos	% ocupación	Espectadores / proxección
Teatro Principal	85	10.391	30,5	122,2
Salón Teatro	88	5.758	24,5	65,4
Museo das Peregrinacións	54	914	21,1	16,9
Centro Cívico de Santa Marta	52	433	5,5	8,3
Abanca	19	279	18,3	14,7
Númax	39	947	34,2	24,3
Multicines Compostela	75	1.500	22	20
Auditorio de Galicia (Sala Mozart)	3	35	4,5	11,6
Auditorio de Galicia (Sala Ángel Brage)	1	998	100	998
TOTAL	416	21.255	25,7	51,1

TÁBOA 1

Fonte: Auditorio de Galicia

A respecto da edición de 2017 houbo nesta ocasión maior número de proxeccións e menor número de espectadores, co cal o *ratio* de espectadores por proxección descendeu de 65 a 51. Para o desenvolvemento desta programación, o Auditorio de Galicia destinou 367.890,2 € e ingresou en billeteira 57.080 €, co cal o gasto neto por espectador foi de 14,6 €.

Actividade en Curtocircuíto 2018

	Actividades	Públicos	Espectadores / actividade
Proxeccións	55	5.407	98,3
Concertos e DJ's	5	1.035	207
Actividades Formativas e Profesionais	8	477	59,6
Actividades Infantís e Xuvenís	2	92	46
Eventos	5	245	49
Performances	2	240	120
“Outra Compostela”	1	40	40
TOTAL	78	7.536	96,6

TÁBOA 2

Fonte: Auditorio de Galicia

En comparación coa edición de 2017, tamén medrou o número de actividades e decreceu o número de espectadores, co cal a proporción de espectadores por actividade diminuíu de 111 a 96. Para a súa realización, o Auditorio de Galicia investiu 187.328,8 € e recadou por venta de entradas 7.150 €, co cal o gasto neto por espectador situouse nos 23,9 €.

4.4

**BANDA DE MÚSICA
DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA
E REAL
FILHARMONÍA DE
GALICIA**

A Banda de Música de Santiago de Compostela e a Real Filharmonía de Galicia son as dúas principais formacións musicais da capital de Galicia. A Banda de Música pertence ao Concello de Santiago, os seus músicos son a todos os efectos persoal municipal e unha parte moi relevante dos seus concertos transcorren no Teatro Principal e no edificio do Auditorio de Galicia. Para o seu mantemento o Concello de Santiago investiu en 2017 un total de 1.557.051,76 €. A continuación mostramos os datos máis destacados da súa actividade en 2018, referidos exclusivamente aos concertos celebrados dentro do termo municipal.

Concertos da Banda Municipal de Santiago de Compostela en 2018

	Concertos	Públicos	% ocupación	Espectadores/concerto
No Auditorio de Galicia	5	2.816	56,5	563,2
No Teatro Principal	19	4.599	64,8	242
Noutros espazos de Santiago	17	19.175	104,6 ¹	1.127,9
TOTAL	41	26.590	87,4	681,8

TÁBOA 1

Fonte: Banda Municipal de Santiago de Compostela

A respecto de 2017, obsérvase unha diminución no número de concertos realizados no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal (24 en 2018 por 32 en 2017) e unha maior proporción de espectadores por concerto (681,8 en 2018 fronte a 514,7 en 2017). Por espazos, medrou de forma notable o *ratio* de espectadores por concerto no Auditorio de Galicia (de 244,1 pasouse a 536,2) e reduciuse lixeiramente no caso do Teatro Principal (de 294,2 pasouse a 242).

Pola súa banda, a Real Filharmonía de Galicia está adscrita ao Consorcio de Santiago, institución encargada da súa xestión e financiamento. A pesar de que non presenta vinculación orgánica co Concello de Santiago, ten a súa sede no Auditorio de Galicia e interpreta boa parte do seu programa anual nas súas salas. Segundo se recolle na memoria orzamentaria para 2019 do Consorcio de Santiago, a asignación económica anual para a Real Filharmonía foi de 4.370.633,49 €.

Concertos da Real Filharmonía de Galicia en 2018

	Concertos	Públicos	% ocupación	Espectadores/concerto
Auditorio de Galicia	21	17.295	82,7	823,6
Outros espazos da cidade	7	3.850		550
Outras cidades galegas	24	11.244		468,5
Fóra de Galicia	3	2.316		772
TOTAL	55	34.705		631

TÁBOA 2

Fonte: Real Filharmonía de Galicia

¹ Moitos dos concertos da Banda de Música noutros espazos de Santiago foron celebrados ao aire libre, co cal unha porcentaxe superior ao 100% é factible ao reflectir circulación de públicos.

A metade dos concertos celebrados en 2018 pola Real Filharmonía tiveron lugar en Santiago, 28 en total, cunha asistencia de 21.145 espectadores e unha media de 755 espectadores por concerto. A respecto de 2017 os parámetros son moi similares, se ben en 2018 se incrementaron os concertos fóra do municipio compostelán (de 16 en 2017 a 27 en 2018), e diminuíron os concertos no Auditorio de Galicia (de 32 a 21).





4.5

FESTAS MUNICIPAIS

A meirande parte das actividades que compoñen as festas acontecen en espazos abertos, e polo tanto non están sometidas a un control detallado da asistencia e a unha contaxe precisa. O número de asistentes que se mostra é o resultado do sumatorio das estimacións realizadas polos responsables de produción de cada evento ou actividade.

Feita esta aclaración previa, na seguinte táboa deixamos recollidos algúns datos esenciais sobre as festas do municipio.

Festas municipais de Santiago de Compostela en 2018

	Gasto municipal	Asistentes	Gasto municipal / asistente
Nadal	158.000 €	25.000	6,3 €
Antroido	63.000 €	20.000	3,1 €
Ascensión	244.000 €	37.000	6,6 €
Apóstolo	742.000 €	110.000	6,7 €
TOTAL	1.207.000 €	192.000	6,3 €

TÁBOA 1

Fonte: Concellaría de Acción Cultural

En total teríanse investido nas festas municipais 1,2 millóns de euros, unha cifra levemente inferior ao gasto liquidado polo Auditorio de Galicia para a súa programación cultural anual. As festas do Apóstolo, as meirandes de Santiago, contarían con máis asistentes e unha maior asignación económica que a suma das outras tres festas sinaladas (Nadal, Antroido e Ascensión). O gasto municipal por asistente ás festas sería de 6 €, se ben no caso do Antroido ese custe se reduce á metade.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**